

ARTES ESCÉNICAS

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corruxirán as 2 primeiras respondidas**. / *El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un MÁXIMO DE 2, combinadas como quiera. Si responde a más preguntas de las permitidas, solo se corruxirán las 2 primeras respondidas.*

PREGUNTA 1. Desenvolva un dos dous temas seguintes / Desarrolle uno de los dos temas seguintes:

1.1. O teatro contemporáneo. Características e autores principais / El teatro contemporáneo. Características y autores principais. (5 puntos)

1.2. O teatro galego. Evolución histórica, transformacións estéticas, movementos e autores principais / El teatro gallego. Evolución histórica, transformacións estéticas, movimientos y autores principais. (5 puntos)

PREGUNTA 2. Sitúe a obra no seu contexto histórico e literario. Explique os procesos necesarios para o deseño da posta en escena do texto que se achega, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo / Sitúe la obra en su contexto histórico y literario. Explique los procesos para el diseño de la puesta en escena del texto que se adjunta, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo. (5 puntos)

(Véndoa así, logo de escurecer e envolta en sombras, ninguén dubidaría que aquela encrucillada de rúas estreitas cheas de bafo e de merda, podería se-lo máis ruín curruncho arrabaldeiro de calquera sórdido lugar do profundo Sur, se non fose polo cintileo dun letreiro de neón que intermitentemente anunciaba "PENSIÓN HORTENSIA", e catro caixas de cartón ciscadas entre a morea de bolsas de lixo que agardaban enriba da beirarrúa, nas que pese á escasa luz, podía lerse: LA TROYANA TARTA COMPOSTELANA. Polo demais, no ambiente respirábase o mesmo aire maléfico, á porta do cafetín clausurado colgaba o mesmo anuncio de Cola de sempre, e eran a mesma a suciedade e a miseria. Nalgunhas ventás dos pisos de enriba, e no escaparate da tenda de antigüidades da esquina, as luces estaban acesas, e aló ó fondo, ó final da rúa da esquerda, trala silueta de varios edificios que se recortaban no horizonte, adiviñábase a presenza dunha lúa ó axexo, medio oculta pola bruma e coroada de estrelas. Todo era gris, ou mellor dito en branco e negro, tal o fotograma dunha película dos corenta, agás o dourado resplandor do saxo tenor que presidía o escaparate da tenda, e o trazo, sinuoso e terrible, dun rego de sangue cheo de moscas e aínda fresco que, arrincando da beirarrúa, baixaba ó asfalto e apozaba alí, xusto onde el morrera.

Pouco a pouco, ó conxuro das palabras do vello, as cousas e a xente van cobrando vida. O Home da Gabardina, escóitao con atención)

O TÍO SAM: *(Achegándose a cada un dos sitios dos que fala)* Os fillos da Chonchoniña xogaban a policías e ladróns neste 1500 abandonado.

(Hai dous nenos xogando no interior do esqueleto dun 1500 branco)

NENO 1: ¡Acelera! ¡Veñen pisándono-los talóns!

NENO 2: ¡Dispáralle ás rodas dianteiras!

NENO 1: *(Disparando co dedo)* ¡Bang! ¡Bang!

NENO 2: ¿Décheslle?

NENO 1: ¡Dei! ¡Pero seguen achegándose! ¡Coidado coa curva!

NENO 2: ¡Dispara outra vez!

NENO 1: ¡Bang! ¡Bang!

(Os nenos seguen ó seu, e o vello vai a outro punto da praza)

Fragmento de *Saxo Tenor*, de Roberto Vidal Bolaño.

PREGUNTA 3. Desenvolva un dos dous temas seguintes / Desarrolle uno de los dos temas siguientes:

3.1. O teatro grego. Características e autores principais / El teatro griego. Características y autores principales. (5 puntos)

3.2. As artes escénicas e as súas grandes tradicións: Oriente e Occidente / Las artes escénicas y sus grandes tradiciones: Oriente y Occidente. (5 puntos)

PREGUNTA 4. Sitúe a obra no seu contexto histórico e literario. Explique os procesos necesarios para o deseño da posta en escena do texto que se achega, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo / Sitúe la obra en su contexto histórico y literario. Explique los procesos para el diseño de la puesta en escena del texto que se adjunta, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo. (5 puntos)

(HELMER entra en su despacho. La doncella introduce a la SEÑORA LINDE, en traje de viaje, y cierra la puerta.)

SEÑORA LINDE. Buenos días, Nora.

NORA. (*Indecisa.*) Buenos días.

SEÑORA LINDE. Por lo visto no me reconoces.

NORA. No... no sé... ¡Ah! Sí, me parece... (*De pronto, exclama:*) ¡Cristina! ¿Eres tú?

SEÑORA LINDE: Sí, soy yo.

NORA: ¡Cristina! ¡Y yo que no te he reconocido. Pero ¡quién diría que...! (*Más bajo*) ¡Cómo has cambiado!

SEÑORA LINDE: Sí, mucho. Hace nueve años largos...

NORA: ¿Es posible que haga tanto tiempo que no nos vemos? Sí, en efecto. ¡Ah! No puedes figurarte qué felices han sido estos ocho años últimos. ¿Conque ya estás aquí, en la ciudad? ¿Cómo has hecho un viaje tan largo en pleno invierno? Has sido muy valiente.

SEÑORA LINDE: Ya ves; acabo de llegar esta mañana en el vapor.

NORA: Para festejar las Navidades naturalmente. ¡Qué bien! ¡Cuánto vamos a divertirnos! Pero quítate el abrigo. ¡Ajajá! Ahora nos sentaremos aquí, con toda comodidad, al lado de la estufa. No; mejor es que te sientes en el sillón. Yo me siento en la mecedora. (*Cogiéndole las manos.*) ¿Ves? Ya tienes tu cara de antes; era sólo en el primer momento... De todos modos, estás algo más pálida, Cristina... y quizá un poco más delgada.

SEÑORA LINDE: Y muchísimo más vieja, Nora.

Fragmento de *Casa de muñecas*, de Henrik Ibsen.

ARTES ESCÉNICAS

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só se corruxirán as 2 primeiras respondidas**. / *El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un MÁXIMO DE 2, combinadas como quiera. Si responde a más preguntas de las permitidas, solo se corruxirán las 2 primeras respondidas.*

PREGUNTA 1. Desenvolva un dos dous temas seguintes. / Desarrolle uno de los dos temas seguintes:

1.1. As teorías da interpretación. Características principais de cada una. / Las teorías de la interpretación. Características principais de cada una. (5 puntos)

1.2. O teatro clásico grecolatino. Características e autores principais / El teatro clásico grecolatino. Características y autores principais. (5 puntos)

PREGUNTA 2. Sitúe a obra no seu contexto histórico e literario. Explique os procesos necesarios para o deseño da posta en escena do texto que se achega, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo. / Sitúe la obra en su contexto histórico y literario. Explique los procesos para el deseño de la puesta en escena del texto que se adjunta, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo. (5 puntos)

(Escóitase moi cerca o fungar dunha sirena)

O TÍO SAM: ¿Veñen ou van?

O XENERAL GRANT: Transitan.

GOLIAT: ¡O que eu daría por andar nun coche así!

(O anano bótase a correr praza adiante, facendo que conduce e imitando o fungar dunha sirena)

O TÍO SAM: Báixalle o volume a esa sirena, Goliat, que abonda coas de verdade para lle rompe-la cabeza a un santo.

O XENERAL GRANT: Se o fixesen municipal agradeceríao máis que se o estirasen.

GOLIAT: *(Deixando de fungar)* Por menos de nacional non paso.

(A Señora Hortensia abre a ventá alporizada)

HORTENSIA: ¿Son por el esas campás, filla?

CHONCHONIÑA: Son sirenas, mamá. Dos da pasma. Vese que lles presta andar todo o día con elas prendidas.

HORTENSIA: Pensei que eran campás. Levo toda a tarde agardando que soen e non dan soado. Debéronse esquecer de avisar á parroquia. Ou ó sacristán.

CHONCHONIÑA: *(Ó vello)* ¡Qué cruz! Cada día está máis chocha. Mamá, ¿onde cre que está? Aquí ese costume perdeuse.

HORTENSIA: Pois non debera. As campás despídeno a un da vida mellor cás sirenas.

O TÍO SAM: Pobre muller.

GOLIAT: *(Sen que ela poida oílo)* Petando cun ferro no coche, se cadra, soa a campás. ¿Queres que probe, Chonchoniña? Así polo menos acouga.

O XENERAL GRANT: Estando eu presente a dona Hortensia non se lle mente. *(Berrando para ela)* O morto non era de aquí, muller, por iso non as escoitas. Tocarán na súa parroquia, como ten que ser.

HORTENSIA: Xa dicía eu que algo raro pasaba.

(Volve fecha-la ventá e queda alí, como antes)

Fragmento de *Saxo Tenor*, de Roberto Vidal Bolaño.

PREGUNTA 3. Desenvolva un dos dous temas seguintes: / Desarrolle uno de los dos temas siguientes:

3.1. A recepción de espectáculos escénicos. O público: concepto e tipoloxías. / La recepción de espectáculos escénicos. El público: concepto y tipologías. (5 puntos)

3.2. O teatro clásico. Características e autores principais. / El teatro clásico. Características y autores principales. (5 puntos)

PREGUNTA 4. Sitúe a obra no seu contexto histórico e literario. Explique os procesos necesarios para o deseño da posta en escena do texto que se achega, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo. / Sitúe la obra en su contexto histórico y literario. Explique los procesos para el diseño de la puesta en escena del texto que se adjunta, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo. (5 puntos)

(El DOCTOR RANK, HELMER y la SEÑORA LINDE bajan la escalera. ANA MARÍA entra con los niños en el salón, seguida de NORA, que cierra la puerta.)

NORA. ¡Tenéis un aspecto estupendo! ¡Vaya unos colores que traéis! Parecéis manzanas y rosas. *(Los niños le hablan todos a la vez hasta el final del parlamento.)* ¿Os habéis divertido mucho? Así me gusta. ¡Ah! ¿Sí?... ¿Conque has llevado a Emmy y Bob en el trineo?... ¡Qué enormidad! ¿A los dos juntos? ¡Sí que eres un valiente, Ivar!... ¡Oh!, déjame tenerla un poquito, Ana María. ¡Muñequita mía! *(Toma a la pequeña en brazos y baila con ella.)* Sí, sí, Bob; mamá bailará contigo también. ¡Cómo! ¿Os habéis tirado bolas de nieve? ¡Qué pena no haber estado con vosotros! No, deja, Ana María; yo misma les quitaré los abrigos. Sí, mujer, me encanta hacerlo. Entre tanto, pasa ahí; tienes cara de frío. Hay café caliente esperándote. *(ANA MARÍA pasa a la habitación de la izquierda. NORA quita los abrigos a los niños, desperdigándolos por la escena. Los niños siguen hablando todos a la vez.)* ¿Sí?... ¿Decís que os ha seguido un perro grande, corriendo detrás de vosotros? ¡Ivar, no toques los paquetes! ¡Si tú supieras lo que hay dentro!... Una cosa horrenda... ¡Anda, vamos a jugar! Al escondite... ¿queréis? Bob se esconderá el primero... ¿O preferís que me esconda yo?...

(Se ponen a jugar todos, riendo y alborotando, en el salón y en la biblioteca de la derecha. Por fin, NORA se esconde debajo de la mesa. Los niños irrumpen precipitadamente, sin encontrarla; pero, al oír su risita contenida, se lanzan todos hacia la mesa, levantando el tapete, y la descubren. Ruidosa alegría. NORA sale a gatas como para asustarlos. Mientras, ha llamado alguien a la puerta, sin que nadie lo note. Se abre la puerta un poco, y aparece KROGSTAD. Se detiene un momento en tanto que el juego continúa.)

Fragmento de *Casa de muñecas*, de Henrik Ibsen.

Curso 2019-20 - Criterios de avaliación
Artes Escénicas (código 51)

Valorarase situar correctamente a obra obxecto de análise no seu contexto histórico e literario e o dominio das artes escénicas, tanto no aspecto teórico como no deseño da posta en escena do fragmento de texto que se facilita no exame. Neste apartado terase en conta o coñecemento das particularidades das distintas fases necesarias para a montaxe dunha obra. É importante que o alumno saiba identificar, describir e analizar con rigor os diferentes elementos que integran o proceso necesario para a materialización dun espectáculo. Amáis terase en conta a capacidade de argumentación, a coherencia discursiva do relato e a creatividade nos plantexamentos que se fagan á hora de trasladar o texto á escena.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2020

Asdo.: Xosé Soengas Pérez
Director do Grupo de Traballo

Curso 2019-20 - Criterios de avaliación
Artes Escénicas (código 51)

Valorarase situar correctamente a obra obxecto de análise no seu contexto histórico e literario e o dominio das artes escénicas, tanto no aspecto teórico como no deseño da posta en escena do fragmento de texto que se facilita no exame. Neste apartado terase en conta o coñecemento das particularidades das distintas fases necesarias para a montaxe dunha obra. É importante que o alumno saiba identificar, describir e analizar con rigor os diferentes elementos que integran o proceso necesario para a materialización dun espectáculo. Amáis terase en conta a capacidade de argumentación, a coherencia discursiva do relato e a creatividade nos plantexamentos que se fagan á hora de trasladar o texto á escena.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2020

Asdo.: Xosé Soengas Pérez
Director do Grupo de Traballo